

MAREMAGNUM

publicación galega sobre os trastornos do espectro do autismo



nº 16 - 2012

*NENOS SALVAXES E
PSIQUIATRÍA INFANTIL*



NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 16. Ano 2012

Número Ordinario

galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas

ciprianoluis@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez

Enma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Estrela Vázquez Allegue

Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística e

Felicia Estévez Salazar

Ilustración portada

Berta Caccamo

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

– GALEGO –

7

Editorial

NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

9

DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DA INFANCIA
EN PSICOPATOLOXÍA. O NENO COMO SUXEITO

Federico Fernández Osorio

27

O NENO SALVAXE

Jean Garrabé

41

A PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DOS NENOS SELVÁTICOS:
O CASO DE “MARCOS”

Gabriel Janer Manila

51

O CASO VÍCTOR DE AVEYRON E OS NENOS SALVAXES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

67

ENTRE A PEDAGOXÍA E A PSICOPATOLOXÍA: O NENO
SALVAXE NO NACEMENTO DE A PSIQUIATRÍA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

81
NACEMENTO DA PSIQUIATRÍA INFANTIL
Cipriano Luis Jiménez Casas

93
O CEO DESDE A TERRA NA OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO
María Pilar García Negro

109
MULLERES, LOUCURA, ESCRITA
Marilar Aleixandre

— CASTELLANO —

117
Editorial
NIÑOS SALVAJES Y PSIQUIATRIA INFANTIL

119
DE QUE HABLAMOS CUANDO HABLAMOS DE LA INFANCIA
EN PSICOPATOLOGÍA. EL NIÑO COMO SUJETO
Federico Menéndez Osorio

137
EL NIÑO SALVAJE
Jean Garrabé

151
LA PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DE LOS NIÑOS SELVÁTICOS:
EL CASO DE “MARCOS”
Gabriel Janer Manila

161

EL CASO VICTOR DE AVEYRON Y LOS NIÑOS SALVAJES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

177

ENTRE LA PEDAGOGÍA Y LA PSICOPATOLOGIA: EL NIÑO SALVAJE
EN EL NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

191

NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

Cipriano Luis Jiménez Casas

203

EL CIELO DESDE LA TIERRA EN LA OBRA
DE ROSALIA DE CASTRO

María Pilar García Negro

221

MUJERES, LOCURA, ESCRITURA

Marilar Aleixandre

O NENO SALVAXE

Jean Garrabé¹

Psiquiatra Xefe dos Servizos dos Hospitais de París

RESUMO

Poucas vidas inspiraron máis literatura de toda índole como a deste infans, como se di en latín do ser humano que aínda non fala, dende o primeiro informe que enviou en 1801 o médico Jean Itard a Lucien Bonaparte entón ministro do interior que lle confiara a súa reeducación no Instituto de Xordomudos de París (6) ata a novela Wild child acabada de publicar polo escritor norte americano T. C. Boyle (1). Os límites temporais das circunstancias políticas nas que se publicaron estes textos van, polo tanto, dende o consulado do xeneral Bonaparte ata a presidencia de Obama.

A que se debe este constante interese durante máis dous séculos por este ser salvaxe? Os documentos máis importantes para a historiografía da medicina recolleunos o meu amigo Thierry Gineste, no seu libro Victor de l 'Aveyron. Dernier enfant sauvage, premier enfant fou (4) libro no que tamén trata das relacións entre Itard e o seu mestre Philippe Pinel. Invitóusenos mesmo nalgún debate "man a man" a falar da controversia entre estes dous clásicos da psiquiatría sobre o neno salvaxe, controversia que se presentou como o veremos de xeito equivocado.

1 Estudos de Medicina na Facultade de París. Teses de doutorado en 1958. Psiquiatra Xefe de Servizo dos Hospitais de París de 1967 a 1997. Director de ensinanza clínica na Universidade René Descartes-Paris V. Profesor honorario do Instituto de Psiquiatría de Lingua Española. Profesor honorario da Facultade de Guadalajara (México). Membro das sociedades científicas francesas; Société médico-psychologique (presidente en 2000); Evolution psychiatrique (presidente de Honor) e da Association pour une Fondation Henri Ey (presidente en exercicio); Estranxeiras: Membro de Honor da Sociedad Española de Psiquiatría e da Asociación de Psiquiatría de Jalisco (México). Presidente do Congreso do Xubileo da Asociación Mundial de Psiquiatría (París 2000). Membro individual honorario da World Psychiatric Association (Yokohama 2002). Pertence aos comités das revistas francesas: Annales Médico-psychologiques; Evolution Psychiatrique; PSN (Psychiatrie, Sciences Humaines, Neurosciences); Cahiers Henri Ey

A educación dos nenos

Ata a Ilustración a educación dos nenos estaba centrada case exclusivamente na relixión e se se lles aprendía a ler e escribir na lingua vulgar era máis que nada para que aprendesen o catecismo. O estudo do latín estaba reservado aos alumnos máis dotados intelectualmente dos que se pensaba que poderían entrar posteriormente en relixión ao coñecer esta lingua sagrada.

Non obstante, xa no século XVII varias ordes relixiosas que se ocupaban de pedagogía, como se chamase no século XIX a ciencia de educación, engadíronlle ao estudo da relixión o de materias científicas como matemáticas, astronomía, física etc. que tamén se estudaban en latín. A orde máis famosa era a dos xesuítas que formaron así, nos seus colexios, unha cantidade de brillantes discípulos, algúns dos cales se converteron de adultos nos seus máis violentos adversarios, como o filósofo Voltaire (1694-1778). Se os xesuítas conseguían grandes éxitos, os ilustrados criticaban moito os seus métodos de castigo físico como a flaxelación en público ante o resto da clase dos malos alumnos, que podía procurar un goce sexual tanto ao que os daba como ao que os recibía. Pode ser que Donatien- Alphonse- François de Sade (1740-1814) colleu o gusto tanto polas matemáticas como por condutas eróticas desta índole, que tivo toda a súa vida ata a súa morte no manicomio de Charenton, actual Hospital Esquirol, cando foi alumno dos xesuítas no prestixioso colexio Louis le Grand situado na rue Saint Jacques, rúa pola que o camiño xacobeo cruza en París o Barrio Latino. Invítovos a dar un paseo topográfico e epistemolóxico por este barrio.

(Perpiñán) e estranxeiras; Archivos de Psiquiatría (Madrid); Frenia (Madrid); History of Psychiatry (Oxford); Salud Mental (México); Investigación en salud (Guadalajara) e Revista Española de Psiquiatría. Libros traducidos ao español; *La noche oscura del ser (Una historia de la esquizofrenia)*. México, FCE. 1996; *Henri Ey y el pensamiento psiquiátrico español*. México, FCE. 2002. Publicacións recentes; La découverte du Shinkeishitsu de Morita par des psychiatres français, traducido ao xaponés por Shigeyoshi Okamoto, *Japanese Journal of Morita Therapy*, 16, 2, 2005, 195-200; *Cent mots pour comprendre la psychiatrie*. Paris ; Les Empêcheurs de penser en rond/Le Seuil, 27 place Pinel 75013 Paris. Les Etudes psychiatriques d'Henri Ey, confluence de la pensée psychiatrique internationale, en Henri Ey, *Etudes psychiatriques*, nouvelle édition. Perpignan. CREHEY, 2006. pp. IX-XXIV. Traducción española Buenos-Aires. Polemos, 2008. Acute Transient Psychotic Disorder. Actualización do capítulo correspondente para a segunda edición revisada do New Oxford Textbook. Oxford University Press. 2007.

Violence et sacrifice: du mythe a la psychopathologie. Coloquio de la Société franco – japonaise de médecine. Tokyo. Novembre 2007. Coa profesora Dora Weiner (UCLA) edición crítica do *Traité médico – philosophique sur l'aliénation mentale (1809)* de Philippe Pinel. Paris, Le Seuil / Les empêcheurs de penser en rond, 2006. Disertacións sobre psiquiatría. Fundación Española de Psiquiatría y Salud Mental. Madrid, Editorial Triacastela, 2011. (Conten os textos das ponencias nas Xornadas, que se celebran cada ano en Vigo: “Clásicos en Psiquiatría”).

Jean Garrabé. 7 place Pinel 75013 Paris. jean.garrabe@wanadoo.fr

A educación dos xordomudos

A finais do século XVIII o abate Charles-Michel de l'Épée (1712-1789) descubriera o método da linguaxe por signos que permitía comunicarse cos xordomudos sen utilizar a palabra. Presentara os resultados conseguidos en Versalles ante o rei Luís XVI que, en contra da imaxe que deron os revolucionarios, mostraba grande interese polos adiantos científicos que marcaron o seu reino. O abate demostrou que cando superaban o seu déficit sensorial os seus novos alumnos tiñan unhas capacidades intelectuais normais e resolvían, por exemplo, os arduos problemas matemáticos que se lles formulaban. Fundou unha institución para a súa educación que se instalou durante a revolución nun convento desamortizado situado un pouco máis alá na rue Saint-Jacques. Dous anos despois da súa morte en 1791, ano II da república, no que non empezara aínda o Terror, a Asemblea Nacional declarou o abate de l'Épée benfeitor da humanidade e ergueu a súa estatua en bronce no instituto onde permaneceu ata a súa destrución cando, durante a ocupación alemá, se fundiron case todas as estatuas parisienses de homes celebres e se salvou só a de Pinel diante de La Salpêtrière.

Primicias das ideas de Pinel

Philippe Pinel debíalles aos seus estudos de bacharel no seminario dos doutrinarios os seus coñecementos en matemáticas que lle permitiron sobrevivir dando clase cando estudaba medicina en Montpellier; tamén vivía entón escribindo a tese en latín para os seus condiscípulos acomodados incapaces de facelo. O latín seguía sendo a lingua científica en medicina e unha das primeiras obras de Pinel foi a tradución en francés das *Opera Magna* de Bavigli. Sir Audrey Lewis, o psiquiatra británico que dirixiu a primeira edición do capítulo enfermidades mentais da CIE, admiraba máis a Pinel por introducir o método estatístico en medicina que pola introdución do concepto de alienación mental. Veremos como aparecerán estas novidades nas obras de Pinel publicadas cando o nomearon, a raíz do Terror, ao mesmo tempo profesor de patoloxía na Ecole de Santé de Paris que substituíu á antiga Real Facultade na que estudara entre outros Itard, e médico xefe no Hospital de La Salpêtrière. Durante a súa estancia en Montpellier Pinel curou mediante un tratamento moral un dos seus condiscípulos, Jean Chaptal (1756-1832), que tivo posteriormente unha brillante carreira como químico, publicou un dos primeiros tratados modernos de química e como político. Chaptal queda agradecido de por vida a Pinel por tratalo e terá sempre en conta a opinión deste.

É o ser humano naturalmente bo?

Un dos debates que marcaran o Século das Luces era o que trataba da natureza humana. Uns filósofos pensaban que o ser humano só pode saír do seu

estado natural de salvaxe parecido ao dos animais que non posúen a linguaxe articulada, mediante a educación. Outros, e será o principal deles Jean-Jacques Rousseau (1712-1778), que o home nace naturalmente bo e que é a sociedade a que corrompe esta natural bondade. Estas ideas procedían do mito do *Bon sauvage*, o salvaxe bo, nacido dos relatos dos exploradores do Pacífico Sur que crían que descubriran en illas como a de Tahití sociedades nas que os nativos seguían vivindo como Adam e Eva antes do pecado no paraíso terreal. Louis-Antoine de Bougainville (1729-1811) publicara en 1771 o relato da viaxe arredor do mundo que fixera de 1766 a 1769. Napoleón nomeouno senador e conde e acabou presidindo a Academia de Ciencias. Naturalmente, o que lle fascinara á súa tripulación foi sobre todo a liberdade sexual que reinaba en Tahití e da que gozaron os mariñeiros sen percibir outros feitos culturais como os sacrificios humanos, a escravitude, o canibalismo ritual e os tabús. Tamén foi unha sorpresa para os sabios que acompañaban a exploración descubrir que dispoñían estes salvaxes dunha rica linguaxe, á vez poética e musical, aínda que non tiñan escritura.

Rousseau na súa novela filosófica *Emile ou l'éducation* (1762) escribe: “*A natureza quere que os nenos sexan nenos antes de ser homes... a infancia ten maneiras de ver, de pensar, de sentir que lle son propias; non hai nada menos sensato que de querer substituílas as nosas*”. O escándalo provocado por esta obra foi un dos motivos do seu exilio voluntario durante varios anos en Inglaterra onde empezaron a desenvolverse as ideas de persecución que o levaron ao delirio que marcou o final da súa vida. Intenta autoanalizarse falando da súa propia infancia e educación nas súas *Confesions*, obra póstuma que se publica só en 1781-1788 á véspera da revolución. Confesa que gozou eroticamente por primeira vez cando de neno unha das súas educadoras lle deu uns azoutes. As súas ideas sobre a bondade da natureza e a educación dos infantes marcaron os deputados á primeira das asembleas revolucionarias, la *Convention*.

1797: Aparición do neno salvaxe

Por iso cando en outono de 1797, é dicir, o quinto ano de a república, chega a París a noticia que se viu preto da vila de Lacaune, na provincia de Languedoc, un neno que vive nu nos bosques e se alimenta de bichos e vexetais crus, esperta o interese dos sabios en verificar se se trata dun auténtico neno salvaxe comparable aos bos salvaxes; algúns opinan que debe tratarse só dun neno anormal abandonado pola súa familia e que logrou sobrevivir. Cando por fin as autoridades locais conseguen capturalo dous anos despois, no inverno de 1799, descóbrese que este ser nin fala nin parece entender o que se lle di aínda que non estea xordo, posto que reacciona aos ruídos naturais. Non acepta ali-

mentos cociñados, rexeita calquera vestimenta e defeca en calquera sitio. Aparenta ter entón uns cinco anos. Envíanlo primeiro ao orfanato de Saint-Affrique cuxo director pensa que non pode convivir cos outros orfos pola súa violencia, polo que se traslada á Escola Central do Departamento del Aveyron na cidade de Rodez cuxo profesor de historia natural quere estudar este *homo ferus*, home fera como dicía o médico e naturalista Lineo. Este profesor Bonaterre publica xa en agosto de 1800 un estudo sobre os nenos salvaxes en que aparece este *juvenis averionensis*. Durante a Segunda Guerra Mundial o hospital psiquiátrico de Rodez, cidade que estaba na zona non ocupada polo exército alemán, será coñecido porque o seu director, o Doutor Gaston Ferdières, acepta recibir o poeta Antonin Artaud para evitar que morrese de fame no de Ville-Evrard situado na zona ocupada onde estaba internado. Notemos que os estudosos actuais da loucura de Artaud se interesan moito polas glosolalias delirantes que caracterizan o final da súa obra poética cando residía na Mison de Santé de Ivry fundada por Esquirol a principios do século XIX, onde morreu en 1948.

Volvamos a finais do século XVIII, cando se seguía crendo na existencia de homes lobos, é dicir, de seres humanos que volvían á vida de animais salvaxes e os primeiros alienistas, entre outros Esquirol, só empezaron ao inicio do seguinte a falar da licantrópia como dun delirio parcial melancólico. No reino anterior, o de Luis XV, unha besta salvaxe parecida a un lobo xigantesco aterrorizara outra zona da provincia, o Gévaudan, onde matar e devorara unha gran cantidade de vítimas, polo que se coñece como a *Bête du Gévaudan*. Existe nesta rexión outro manicomio, o de Saint Alban, onde se refuxia ao final da Guerra Civil o psiquiatra catalán François Tosquelles, e no que se esconden moitos resistentes durante a ocupación alemá. Hai quen dixo que a *Bête du Gévaudan* era en realidade un *serial killer* que se disfrazaba de lobo para cometer os seus crimes e rodáronse películas que presentan esta versión.

O tratamento no Instituto de Xordomudos

A prensa local e os xornais parisienses publican rapidamente artigos dando interpretacións oposta do que era o *Enfant sauvage*. O abate Roche Ambroise Sicard, sucesor do abate de L'Épée, consegue do ministro do Interior que se traslade o neno salvaxe ao Instituto de Xordomudos de París e, sobre todo, que se lle outorguen os créditos necesarios para o seu mantemento e tratamento. Este ministro era entón Lucien Bonaparte (1777-1840), irmán maior do novo xeneral Napoleón Bonaparte acabado de nomear cónsul de por vida e que ía autoproclamar emperador en 1804. Lucien Bonaparte é o bisavó da princesa María Bonaparte discípula de Freud que conseguirá salvarlo da Xestapo en Viena pagando un importante rescate e fundadora da Société psychanalytique de Paris cuxa sede está na *rue Saint-Jacques* a medio camiño entre o colexio Louis le

Grand e o Instituto de Xordomudos. Escribíronse biografías da princesa e rodouse unha película na que interpreta a súa personaxe Catherine Deneuve que fisicamente se lle parece pouco posto que a Súa Alteza a princesa de Grecia era bastante masculina. Vedes que seguimos paseando polo Barrio Latino, paseo que me recorda os meus estudos de bacharelato, de medicina e a miña análise didáctica hai máis de medio século.

O abate Sicard confía a educación do neno salvaxe à Jean-Marc François Itard (1774- 1838) cuxo nome vai quedar na historia da medicina por este tratamento falido, aínda que merecería figurar por outros motivos.

Breve recordo biográfico do doutor Itard

A biografía de Itard queda aínda moi incompleta ou algo lendaria polo que Thierry Gineste fixo figurar no seu libro tanto os datos documentados seguros como os dubidosos (pp. 52-78). A súa xenealoxía familiar é complicada e a súa xuventude marcada polo estalido da revolución. Nace Jean-Marc-Gaspard Itard, na cidade de Oraison, situada nos Alpes de Provenza, o 24 de abril de 1774, estuda primeiro no seminario de Riez e logo nos oratorianos de Marsella onde aprende non só o italiano senón tamén o inglés. Non parece dirixirse cara a unha carreira eclesiástica a pesar de que un tío cóengo da catedral de Riez lle cede o seu beneficio o que lle asegura unha renda de Roma coa que aos vinte e cinco anos dispón de certa folgura. Parece servir no exército real en 1780. Pero empeza a revolución e o 4 de agosto de 1789 os deputados do clero renuncian aos seus privilexios e aos seus beneficios. En 1790 adóptase a constitución civil do clero que obriga os seus membros a xurar fidelidade á nación, á lei, ao rei e aos cidadáns como os demais. O Papa Pio V condénaa e os sacerdotes deben escoller entre a revolución e a fidelidade á Igrexa. Itard escolle o bando revolucionario e contribúe á chamada de voluntarios para o exército republicano nas cidades do seu nacemento e de estudos. El mesmo é nomeado axudante cirurxián no hospital militar que se instala en Toulon cando esta cidade é reconquistada dos ingleses polo exército republicano, reconquista na que brilla un novo tenente de artillería Napoleone Buonaparte. Moitos dos mozos que estudaran nos seminarios ocuparon tales cargos que lle permitiron formarse cos mestres da medicina militar. Itard está baixo o mando de Dominique Larrey, médico xefe do exército de Italia, que dá clase en Toulon de anatomía e cirurxía. Cando Larrey volve a París en 1796, despois da vitoria de Bonaparte contra os austríacos en Italia, Itard acompaña e o 8 de maio de 1798 noméano cirurxián de terceira clase no hospital militar, instalado no antigo convento do Val-de-Grâce e fundado por Ana de Austria cuxa igrexa ten a súa entrada na rue Saint-Jacques.

Antes de marchar para París, Itard fixo unha viaxe de estudos na súa rexión natal co seu amigo Gaspard- Laurent Bayle para investigar sobre o carbuncho. Bayle volverase famoso cando presente a súa tese doutoral na que relaciona a parálise xeral cunha inflamación crónica da aracnoides.

Como a maioría dos médicos da época que empezaran a exercer como cirurxiáns nos exércitos republicanos en 1800, Itard, cando chega ao Instituto de Xordomudos, onde se lle vai confiar a educación do neno salvaxe, non posuía aínda o título de doutor. Inscríbese en 1797 ao mesmo tempo que Esquirol na Ecole de Santé onde Pinel era profesor de patoloxía médica. Admira a *Nosografía filosófica* cuxa primeira edición parece no ano VI da república, obra de Pinel que se converterá no *best-seller* do ensino da medicina durante o século XIX. Itard conseguirá o título de doutor en 1802 e presenta na Ecole de Santé, unha tese sobre “as conxestións de gas que se forman no peito” presentando cinco casos desta nova afección para a que acuña a palabra pneumotórax (7). O seu condiscípulo R. T. H. Laennec, inventor do estetoscopio, cita esta disertación do seu colega médico do Instituto dos Xordomudos como un texto fundamental no seu libro sobre a auscultación mediata (10). Quedan escasísimos exemplares da tese de Itard mesmo nas grandes bibliotecas universitarias polo que a miúdo non se menciona na súa bibliografía a pesar da súa importancia histórica. Vai dedicarse de 1800 a 1804 ao tratamento do neno salvaxe que o fará famoso e converterase no médico do *Tout-Paris* elegante e aristocrático que vai reaparecer durante o Imperio e a Restauración monárquica. Abre unha consulta privada aínda que seguiu vivindo e exercendo no instituto. Publica, entre outras, a historia clínica da marquesa de Dampierre (8) que sufría de tics verbais incoercibles, publicación que G. Gilles de la Tourette citará cando describa a síndrome que leva o seu nome, a *Tourette Disease* como din os norteamericanos que inclúe entre os seus síntomas estes tics cos motores. Anota con Esquirol a tradución francesa do libro de J. F. Hoffbauer sobre a *Médecine légale relative aux aliénés et aux sourds-muets*. E ao final da súa vida Itard publica o primeiro tratado moderno de otorrinolaringoloxía que terá unha segunda edición póstuma en 1847. Os últimos anos da súa vida están marcados por un estado de enfermidade crónica cuxo diagnóstico non queda claro. Cando en 1800 emprende o tratamento do neno salvaxe faino empezando, como o faría un otorrinolaringólogo, por verificar que este non é xordo, pero sorpréndelle que si parece oír os ruídos naturais como o canto dos paxaros, os ladridos dos cans ou o vento nas árbores e que localiza de onde veñen non parece poñer atención na fala humana ou non percibir o valor simbólico das palabras nin relacionar estas con persoas ou obxectos. Na súa tumba no cemiterio de Montparnasse está gravado, como pediu, que era médico do Instituto de Xordomudos, cabaleiro da Lexión de Honor e membro da Academia de Medicina, cunha áncora da mariña, símbolo cuxo significado se ignora.

A Sociedade dos observadores do home

En 1799 cando esta a punto de chegar a París o neno salvaxe fúndase a *Société des observateurs de l'homme* (11) que ofrecía un premio de 600 francos ao investigador que conseguise “déterminer par l'observation journalière de un ou plusieurs enfants au berceau l'ordre dans lequel les facultés physiques, intellectuelles et morales se développent et jusqu'à quel point ce développement est secondé ou contrarié par l'influence des objets et des personnes qui environnent l'enfant”. É dicir “determinar mediante a observación diaria dun ou varios nenos de berce a orde en que as facultades físicas, intelectuais e morais se desenvolven e ata qué punto este desenvolvemento axuda ou contraria a influencia dos obxectos ou persoas que rodean o neno”. Moral tiña entón o sentido de psíquico oposto a físico e non o de relacionado coa moralidade. Polo demais este programa de investigación sobre o desenvolvemento precoz do *in-fans* é do máis moderno. Formaban parte da sociedade dos observadores do home Bougainville, Philippe Pinel e tamén o abate Sicard e Itard. A *Société des observateurs de l'homme* desaparecerá poucos anos despois, aínda que cando se funda xa no século XX a Sociedade de antropoloxía de París Paul Broca (1824- 1880) cítaa como a súa antecesora, filiación que me parece xustificada. É ante a sociedade de antropoloxía que Broca presenta o primeiro caso de afemia ou afasia, e localiza a lesión correspondente á zona cerebral que leva o seu nome do hemisferio cerebral esquerdo.

Na sesión do 29 de novembro de 1800 da sociedade á que asiste Itard Pinel presenta un primeiro informe sobre o neno coñecido como salvaxe do Aveyron en que describe o estado actual das funcións orgánicas e morais, compárao con outros casos de nenos cuxas facultades intelectuais están máis ou menos lesionadas e anuncia que nun segundo informe indica se se pode confiar coa esperanza dalgún resultado. Neste segundo informe de maio de 1801 conclúe que calquera que sexan as circunstancias que o levaron a ese estado de “idiotismo” interrógase sobre a posibilidade de conseguir algún resultados nunha institución. Itard contesta inmediatamente que o cidadán Pinel non examinou de novo o neno dende que el emprendeu o seu tratamento e conseguiu os primeiros resultados. No verán de 1801, invitan o doutor Itard e o seu protexido ao salón de Madame Récamier con distinguidos personaxes, pero o salvaxe despois de engulir os alimentos ofrecidos aos convidados escapa ao xardín, íspese con escándalo das damas presentes e sobe a unha árbore da que Itard consegue que baixe para cubri-lo cun pano. Un dos filósofos presentes conclúe que isto demostra o erro de Rousseau sobre a natureza do home salvaxe.

Non obstante, Itard expón os resultados obtidos nun informe ao ministro que publica en outono do mesmo ano 1801 (Vendémiaire an IX). Este texto consegue un éxito increíble e faino famoso en todo Europa. Publica unha tradución en inglés e o tsar Alejandro I regálalle un alfinete cun zafiro oriental e

ofrécelle instalarse en San Petersburgo. É tamén importante este informe para conseguir que o ministerio do Interior siga axudando a seguir o tratamento: Lucien Bonaparte deixou o ministerio por unha discrepancia co seu irmán que nomeou para substituílo a Chaptal, o amigo de Pinel, que dubida do interese de proseguir o experimento. Afortunadamente, a carteira de interior pasa a Champigny que pide a opinión da Academia de Ciencias e un novo informe a Itard que fará publicar pola imprenta imperial (9). O secretario perpetuo da academia, Bon-Joseph Dacier (1742-1833), despois do exame deste segundo informe indícalle ao ministro que se debe seguir o tratamento. Sinalemos que Dacier, que era un distinguido filósofo, recibirá unha carta datada o 22 de setembro de 1822 dun novo estudoso Jean-François Champollion (1790 -1832) anunciándolle que o estudo da pedra de Roseta descuberta durante a expedición en Exipto do xeneral Bonaparte lle permitiu descifrar a escritura xeroglífica da antiga lingua sagrada exipcia.

O tratamento do neno salvaxe por Itard de 1801 a 1806

En 1800 nin Itard nin outro observador do home podía supoñer que os trastornos da palabra poden estar relacionados con lesións do cerebro e menos localizar estas. Tampouco pode aplicar o programa de investigación da Sociedade dos observadores do home ao neno do Aveyron posto que xa ten este varios anos de idade cando emprende a súa observación, que se descoñece o ambiente en que viviu e que o seu problema é que non adquiriu a linguaxe sen que isto se deba a un problema físico. Pero só consegue Itard, ao cabo de moitos esforzos, que o neno salvaxe pronuncie o fonema “O” e para marcar esta pequena primeira vitoria di que o bautiza co nome de “Víctor” e engádelle como apelido “de l ‘Aveyron’ como se coñecerá dende entón. Gineste fai notar que *Victor ou l’enfant da forêt* era o título dunha novela publicada en 1796 que fora adaptada ao teatro con grande éxito. Corría entón a lenda que o delfín non morrera na Torre dos Templarios, onde o encerraran os revolucionarios, senón que escapara e que vivía oculto nos bosques para reaparecer e reinar como Luis XVII.

Pero Itard, a pesar de que tamén utiliza cando lle parece necesario métodos físicos que nos parecen senón crueis algo duros, non consegue moito máis. Se Víctor di *lait* cando quere que lle dean leite e por fin aprende a dicir “Li” por Julie, o nome dunha das fillas de Madame Guérin a muller dun empregado do instituto encargada de ocuparse materialmente del e que cumpría coa súa tarefa moi maternalmente. Polo tanto, se Víctor relaciona unha silaba cunha persoa, é porque esta lle atrae eroticamente posto que á puberdade haberá que afastalo de Julie. Cando Monsieur Guérin se xubilou o goberno outorgoulle unha pensión de 150 francos anuais á súa esposa cunha axuda de 500 francos para que

se instalasen en 1811 con Víctor nunha pequena casa cun xardín, en que o mozo se ocupaba a tarefas como cortar leña, próxima do instituto na *rue des Feuillantines* (hai nesta rúa un cinema de *avant-garde* en que se estrearon moitas películas surrealistas ou da nova onda). Itard íao visitar de cando en vez á casa dos Guérin e é neste lugar que Victor de l 'Aveyron morreu cando tiña máis ou menos uns corenta anos. Isto demostra, en parte, o que a Sociedade dos observadores do home querían investigar, é dicir, que o ambiente e as persoas que rodean un neno produce efectos sobre o seu desenvolvemento intelectual aínda que neste caso sexan modestos polas pésimas condicións en que vivira na primeira infancia.

Thierry Gineste recórdanos que no mesmo lugar vivirán de 1812 a 1815 os fillos do xeneral Sigisbert Hugo, Víctor e Eugenio cando regresaron de Madrid onde estudaran no colexio de Santo Antón.

Victor de l 'Aveyron morreu en 1828 completamente esquecido e enterrárono na foxa común de non sei que cemiterio.

O debate Pinel - Itard

A principios do ano IX da república, é dicir, a finais dese ano de 1800 cando empeza Itard o tratamento do neno salvaxe, publícase a primeira edición do *Traité médico-philosophique sur l'aliénation mentale ou a manie* (8) de Philippe Pinel obra da que se data o nacemento da psiquiatría. Pinel propón nesta obra substituír a noción de manía, é dicir, loucura no sentido grego da palabra, a de alienación mental para marcar que non se trata dunha perda total de razón, dunha sen razón absoluta, senón dunha contradición ou conflito entre unha parte ilesa da mente e outra que parece como estranxeira (*alienus* significa estranxeiro) á primeira. Distingue entón Pinel cinco variedades de alienación: a melancolía ou delirio exclusivo, a manía sen delirio, a demencia ou abolición das facultades intelectuais e por fin o idiotismo ou obliteración das facultades intelectuais. Pero esta, a pesar de que Pinel cite a descrición do cretinismo feita no Alpes polo médico orixinario de Torino Fodéré, do que falei aquí en Vigo a propósito do nacemento da medicina forense, non corresponde á definición que dará posteriormente Esquirol do idiotismo como falta de desenvolvemento intelectual con ausencia de linguaxe. Para Pinel pode corresponder a un estado transitorio debido, por exemplo, a unha emoción; xa que a concepción xeral da alienación se funda na patoloxía das emocións.

Sobre todo Pinel defende o abandono de todos os métodos físicos bárbaros utilizados ata entón para tratar a loucura, non só as cadeas, senón as bastonadas, a flaxelación, a inmersión por sorpresa ata o afogo, a cauterización, e as sangrías abundantes e repetidas para recorrer exclusivamente ao tratamento moral ou sexa psíquico, o que posteriormente se chamase psicoterapia. Este tra-

tamento moral supón un diálogo co insensato, unha relación verbal ou simbólica entre o terapeuta e o suxeito tratado e isto é imposible no caso de Víctor posto que este nin fala nin entende o que se lle di, nin tampouco reconece símbolos gráficos como debuxos.

Durante o ano 1802 Itard redacta un texto sobre as vesanias que vai quedar inédito ata a súa publicación en 1988 por Gineste en *l'Evolution psychiatrique* (5). Propón unha nosografía das vesanias distinguindo varios xéneros de alienación: I - a alienación afectiva, II -a alienación intelectual, III- as lesións simultáneas das funcións intelectuais e afectivas, nas que inclúe cinco variedades de idiotismo: 1 por impotencia das facultades intelectuais; 2 idiotismo hereditario ou endémico; 3 por falta absoluta de educación, na que inclúe o caso da Salvaxe do Aveyron. Este manuscrito aparece ao mesmo tempo como a opinión de Itard sobre as ideas de Pinel que acepta en parte, pero non sobre esta categoría do idiotismo que no caso de Víctor atribúe exclusivamente á falta de educación.

O terceiro home: Esquirol

É Jean-Etienne-Dominique Esquirol quen primeiro vai presentar o debate entre Pinel e Itard como unha oposición radical na entrada “idiotismo” do *Dictionnaire des Sciences Médicales* (2) en que presenta sen noméalos as súas respectivas opinións sobre un ser atopado nos bosques como a dun médico modesto e observador que opina que se trata dun idiota perdido ou abandonado e a dun educador que pretende curar o seu idiotismo dándolle a educación que lle faltou. Cando publica en 1838, o ano en que morre o seu amigo, o seu *Traité des maladies mentais* Esquirol engade unha nota a pé de paxina: “Non é posible ler nada máis interesante que os dous informes do doutor Itard sobre os coidados que o noso colega lle prodigou a este idiota para desenvolver a súa intelixencia” (3), nota que non sabe se é un eloxio ou unha crítica. Notemos que Itard publicou entre 1812 a 1815 entradas neste mesmo dicionario e que no seu *Tratado das enfermidades dos oídos e a audición* segue en 1822 referíndose ao neno salvaxe.

A opinión dos contemporáneos

O interese dos estudosos contemporáneos polos nenos salvaxes renaceu en Francia co libro publicado por Malson (12) uns anos antes da película de François Truffaut (1932-1984) en 1969 *l'enfant sauvage* tan interesante para a historia das ciencias do espírito como para o arte cinematográfico.

Algúns historiadores como Thierry Gineste fixeron de Víctor de l'Aveyron o “último neno salvaxe e o primeiro neno tolo”. O interese pola súa historia re-

naceu despois da descrición en 1943 por Léo Kanner da síndrome de autismo infantil precoz. Hai efectivamente certo parecido entre a sintomatoloxía observada en 1800 no neno salvaxe e a observada século e medio máis tarde polo médico norteamericano de orixe ucraína formado en Alemaña, sobre todo, dende o punto de vista da imposibilidade de adquirir unha linguaxe articulada. Parece tamén que Itard utilizou no seu intento de reeducación métodos que descubrira empiricamente e parecidos aos que se utilizan actualmente inspirados na moderna ciencia da conduta. Itard fala de linguaxe por pantomima cando, por exemplo, se despeitea o cabelo e Víctor lle trae un peite.

Pero, persoalmente, creo que é un erro epistemolóxico ler textos históricos coma se os seus autores os escribisen con referencias a coñecementos actuais e declarar que Itard describiu o autismo infantil. É máis importante ver como se sitúan no contexto cultural da época en que os escribiron, contexto que debemos estudar non só dende o punto de vista científico e filosófico senón tamén político e económico. Só así podemos comparar as súas ideas e os debates que provocaron coas actuais. Os trastornos mentais non son só fenómenos naturais senón tamén culturais, é dicir, que se estuda o observado cos coñecementos científicos da época e do lugar correspondentes. Os epistemólogos dinnos que son obxectos mixtos porque tamén os coñecementos culturais fan que se observen fenómenos naturais que pasaron desapercibidos ata entón ou que se interpreten doutro xeito.

Bibliografía

1. ITARD, J. *De l'éducation d'un homme sauvage, ou des Premiers développements physiques et moraux du jeune sauvage de l'Aveyron* (1801). Paris. Goujon vendémiaire an X.
2. BOYLE, T. C. *Wild child*. Traduction française de *L'enfant sauvage* (2011). Paris. Bernard Grasset.
3. GINESTE, Th. *Victor de l'Aveyron, dernier enfant sauvage, premier enfant fou* (2005). Paris. Hachette.
4. ITARD, J. Dissertation sur le pneumothorax ou les congestions qui se forment dans la poitrine, présentée et soutenue à l'Ecole de médecine de Paris le 11 Messidor an II, 1803.
5. LAENNEC, R. T. H. *De l'auscultation médiate ou traité du diagnostic des maladies des poumons et du cœur fondé principalement sur ce mode d'exploration* (1819). Paris: J. A. Brosson et J. S. Chaude.
6. ITARD, J. G. Mémoire sur quelques fonctions involontaires *Archives générales de médecine* (1825), 8, p.285-407.
7. PINEL, Ph. Rapport fait à la société des observateurs de l'homme sur l'enfant connu sous le nom de sauvage de l'Aveyron
8. ITARD, J. G. *Rapport fait à S. E. le ministre de l'Intérieur sur les nouveaux développements et l'état actuel du sauvage de l'Aveyron* (1807). Paris. Imprimerie Impériale.
9. GINESTE, Th. Les vésanies, manuscrit inédit de Jean-François-Gaspard Itard (1988). *L'Evolution psychiatrique*, 53, 3.
10. ESQUIROL, J. E. D. Idiotisme in *Dictionnaire des Sciences médicales*, (1818), XXIII, p.507.
11. ESQUIROL, L. E. D. *Traité des maladies mentales* (1838) T. II, p.283-287. Paris.
12. MALSON, L. *Les enfants sauvages* (1964). Paris. UGE.

EL NIÑO SALVAJE

Jean Garrabé¹

Psiquiatra Jefe de los Servicios de los Hospitales de Paris

RESUMEN

Pocas vidas han inspirado mas literatura de toda índole como la de este infans, como se dice en latín del ser humano que aun no habla, desde el primer informe De l'éducation d'un homme sauvage, ou des Premiers développements physiques et moraux du jeune sauvage de l'Aveyron (6) que envió en 1801 el médico Jean Itard a Lucien Bonaparte, entonces ministro del interior que le había confiado su reeducación en el Instituto de Sordos Mudos de Paris hasta la novela Wild child recién publicada por el escritor norte americano T.C. Boyle (1). Los límites temporales de las circunstancias políticas en las que se han publicado estos textos van por lo tanto desde el consulado del general Bonaparte hasta la presidencia de Obama.

¿A qué se debe este constante interés durante más dos siglos por este ser salvaje? Los documentos más importantes para la historiografía de la medicina los ha recogido mi amigo Thierry Gineste, en su libro: Victor de l'Aveyron. Dernier enfant sauvage, premier enfant fou (4) libro en el que también trata de las relaciones entre Itard y su maestro Philippe Pinel. Se nos han invitado incluso en algún debate "mano a mano" a hablar de la controversia entre estos dos clásicos de la psiquiatría sobre el niño salvaje, controversia que se ha presentado como lo veremos de manera equivocada.

1 Estudios de Medicina en la Facultad de Paris. Tesis de doctorado en 1958. Psiquiatra Jefe de Servicio de los Hospitales de Paris de 1967 a 1997. Director de enseñanza clínica en la Universidad René Descartes-Paris V. Profesor Honorario del Instituto de Psiquiatría de Lengua Española. Profesor Honorario de la Facultad de Guadalajara (México). Miembro de las sociedades científicas francesas; Société médico-psychologique (Presidente en 2000); Evolution psychiatrique (Presidente de Honor) y de la *Association pour une Fondation Henri Ey* (Presidente en ejercicio); Extranjeras: Miembro de Honor de la Sociedad Española de Psiquiatría y de la Asociación de Psiquiatría de Jalisco (México). Presidente del Congreso del Jubileo de

La educación de los niños

Hasta la Ilustración la educación de los niños estaba centrada casi exclusivamente en la religión y si se les enseñaba a leer y escribir en la lengua vulgar era solamente para que aprendiesen el catecismo. El estudio del latín estaba reservado a los alumnos más dotados intelectualmente de los que se pensaba que podrían entrar posteriormente, en religión para conocer esta lengua sagrada.

